




mulleresarte+parte

29 NOVEMBRO EXPOCORUÑA



MÚSICA · CINE · ARTES ESCÉNICAS · ENCONTROS CO PÚBLICO

29 de novembro de 2008

1. INTRODUCCIÓN

Durante as últimas décadas estívoase a producir un cambio silencioso no papel que xoga a muller na sociedade, un proceso que lle permitiu ocupar cargos de responsabilidade en distintos ámbitos públicos, privados e políticos e desenvolverse socialmente cunha independencia impensable ata hai pouco tempo. Non obstante e malia todos os avances, aínda se vive en desiguais condicións e aínda quedan amplos focos de subdesenvolvemento onde a incultura política, social e cultural sumada ás dificultades económicas entorpece a normalización da vida de moitas mulleres.

Ademais os medios de comunicación seguen utilizando a imaxe feminina como unha icona chea de connotacións e roles principalmente asociados a funcións sexuais e matriarcais. Malia os esforzos que se están a desenvolver, aínda non se produciu a total equiparación entre os sexos dando lugar a conflitos e situacións que poñen en perigo a integridade física e emocional da muller.

Con razón da conmemoración do "Día Internacional contra a Violencia de Xénero" EXPOCoruña en colaboración coa Concellería de Igualdade e Participación Cidadá quere sumarse a esa manifestación, dunha forma non silenciosa, a través dun proxecto onde a muller sexa a protagonista, o centro sobre o que xira as distintas actividades que se van programar: DANZA, CINEMA, MÚSICA, ENCONTROS CO PÚBLICO, un proxecto que busca presentar unha imaxe non banal da muller na sociedade cun acto de homenaxe ao traballo que están a desenvolver as mulleres presentes neste proxecto e aquelas que non

2. PROGRAMA DE ACTIVIDADES

11.00h. Presentación do evento

12.30h. Proxección película: Liste, pronunciado lister de Margarida Ledo Andión



Enrique Líster era canteiro e traballou no capitolio da Habana e no metro de Moscú. Na Guerra Civil chegou a ser comandante en xefe do V Rexemento do Exército Republicano, ao que se incorporaron as Milicias Galegas formadas en Madrid. Foi cantado por poetas como Machado e Miguel Hernández, vingou aos agresores da súa nai, disentiu do PCE, loitou nos campos de batalla... Un home tenaz que este documental pretende desvelar. Contén entrevistas á viúva e ao fillo do propio Líster, entre outras persoas relacionadas con el. O filme tamén ten algunhas escenas interpretadas, máis evocativas que de recreación.

Ficha artística

Dirección: Margarida Ledo Adión

Guión: Margarida Ledo Adión

Intérpretes: Mónica Camaño / Margarita Fernández / Anxo Laborda / Zé Paredes

Produción: Xosé Luis Ledo Andión

Produción Executiva: Margarida Ledo Adión

Sobre Margarida Ledo:



Margarida Ledo Andión naceu en 1951 en Castro de Rei, Lugo. En 1970 publica o seu primeiro libro, Parolar cun eu, cun intre, cun insecto, un poemario. Estudou periodismo na Escola de Periodismo de Barcelona (1969-1973).

En 1974 entra na redacción de El Ideal Gallego, pero pouco despois exíliase en Portugal, onde permanece ata 1976. Fundou e dirixiu dende 1977 a 1980 o xornal semanal A Nosa Terra. Foi tamén a creadora da revista Escrita, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e dos proxectos gráficos do boletín do Clube Cultural Adiante da CXTG, da revista galega feminista Festa da Palabra Silenciada e da publicación Europa de les nacións, do Moviment Nacionalitari Europeu.

Na década dos oitenta publica textos e poemas en diferentes medios e permanece un ano en Lisboa cunha bolsa da Fundación Gulbenkian (1982). Dende 1983 ata 1991 exerce como profesora na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Autónoma de Barcelona, doutorándose na mesma universidade en 1986. Regresa a Galicia en 1991 para poñer en marcha a Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago, da que é a súa primeira Decana.

Na actualidade é Catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade. O seu ámbito de investigación é o da imaxe documental e o das televisións públicas dos pequenos países. Pertence dende a súa fundación ao Consello de Redacción da revista de pensamento crítico A Trabe de Ouro.

Obras

1. Parolar cun eu, cun intre, cun insecto. Monforte de Lemos: Xistral, Edicións, 1970. Poesía.
2. O corvo érguese cedo. Monforte de Lemos: Xistral, Edicións, 1973. Poesía.
3. Prensa e galeguismo: da prensa do XIX ao primeiro. Sada: Edicións do Castro, 1982. Ensaio.
4. Mamá-Fé. Vigo: Xerais, 1983. Novela.
5. Trasalba ou Violeta e o militar morto. Vigo: Xerais, 1985. Novela.
6. Foto-xoc e xornalismo de crise. Sada: Edicións do Castro, 1988. Periodismo.
7. Linguas mortas. Serial Radiofónico. Barcelona: Sotelo Blanco, 1989. Miscelánea.
8. Porta blindada. Vigo: Xerais, 1990. Novela.
9. Historias como Barcelona. Descoñecida: Diario 16 de Galicia, 1991
10. O diario postelevisivo. Descoñecida: LEA, 1993. Periodismo.
11. Documentalismo fotográfico contemporáneo: da inoce. Vigo: Xerais, 1995. Ensaio.
12. Documentalismo fotográfico. Madrid: Cátedra, 1998. Ensaio.

No 2004 dirixiu o seu primeiro longametraxe documental, Santa Liberdade (sobre o secuestro por parte do Directorio Revolucionario da Liberación do buque Santa María en 1961, que rebautizaron como Santa Liberdade), ao que sigo en 2007 Liste pronunciado Líster.

14.00h. Encontro da directora co público

14.30h. Almorzo

18.00h. Representación escénica: Casa de Bonecas

Adaptación da Obra de Enrik Ibsen por Alfonso Rivera e Baraka Teatro

A Liberación da Muller dende unha Ética:

Casa de Bonecas pertence aos dramas realistas de Ibsen nos que o autor presenta os problemas da sociedade do seu tempo esquecendo os temas preferidos polo Romanticismo (os heroes, os pasados gloriosos...) e substituídos por persoas de carne e óso cos seus conflitos e problemas cunha perspectiva de crítica social.

Neste drama, Ibsen denuncia a dobre moral da sociedade, a hipocrísia dos que se fan pasar por honrados, a corrupción do poder... Desautoriza a relixión e apela á xustiza para que os piares da sociedade sexan a verdade e a liberdade. Estamos, pois, ante unha obra de profundo contido ético.

Casa de Bonecas é un paradigma dos principios ideolóxicos do autor. Dentro dun ambiente de normalidade burguesa, denuncia a situación de dependencia económica e social da muller casada. Presenta un marido, Helmer, cunha moral estrita, que aspira a mellorar económica e socialmente, que exerce o paternalismo para dominar á súa esposa.

Na obra revélase unha crítica a varios aspectos do matrimonio, como a obrigatoriedade de casar por razóns económicas. A muller de Ibsen é o prototipo do feminismo ilustrado e racionalista. Nora non persecue a súa liberación, entendida esta como escapar da custodia marital, vivir a súa vida, emanciparse. Nora escapa da mentira, da inmoralidade. Confesa que non pode seguir amando a un home vil e corrupto. A liberación de Nora está motivada pola ética.

Este PROXECTO mostra unha versión contemporánea nun espectáculo de grande formato de physical theatre contando cun rico reparto de artistas galegos das artes escénicas nunha posta en escena que funde e confunde teatro, danza, canto, novas tecnoloxías e que contará coa arte compositiva de Rubén Somoza e música de orquestra en directo.

Un Clásico Contemporáneo:

Henrik Ibsen (1828-1906). Dramaturgo e poeta considerado o máis importante dramaturgo noruegués e un dos autores que máis influíu na dramaturxia moderna, pai do drama realista moderno e antecedente do teatro simbólico. Na súa época, as súas obras foron consideradas escandalosas por unha sociedade dominada polos valores vitorianos, obras que cuestionaban o modelo de familia e de sociedade dominante. As súas obras non perderon vixencia e é un dos autores non contemporáneos máis representado na actualidade.

Casa de Bonecas estreouse en gran parte dos países de Europa xerando unha enorme polémica, sendo inevitable posicionarse a favor ou en contra da súa protagonista Nora, a súa portada final foi motivo de escándalo (Ibsen cambiou este final para a súa estrea en Alemaña), sectores opinaron que era un ataque aos fundamentos da familia.



Reparto de personaxes (actores xestuais)

- Nora
- Tovaldo
- Krogstad
- Señora Linde
- Coro de 5 mulleres

Músicos:

- Piano · Viola · Saxofón · Trompeta · Frauta · Xilófono · Violín · Percusión

Escenografía e deseño: Alejandra Montemayor

Iluminación: Miguel Ángel Camacho

Audiovisuais: Andreu Raich

Produción: Galia Blanco

Axudante de dirección: Elisenda Renom

Dirección musical e composición: Rubén Someso

Compositor: Rubén Someso

Un dos máis novos talentos da composición en Galicia. Cursa estudos profesionais de piano no conservatorio da Coruña da man do concertista Julio Mourenza. No ano 2003 desprázase a Zaragoza grazas a unha bolsa da Deputación Provincial, para comezar a carreira de composición baixo a cátedra de Teresa Catalán. Ingresado co número un da súa promoción, o seu expediente académico abríralle as portas do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, onde coas máximas cualificacións remata a Licenciatura de Composición Xeral no ano 2008 baixo a cátedra de Manuel Seco de Arpe.

Alfonso Rivera

Destacado creador de teatro físico que desenvolveu o seu labor profesional en diferentes países como Reino Unido, Francia, Italia, Polonia, Eslovaquia e Noruega. Entre os seus premios e mencións conta con varias bolsas do Ministerio de Cultura para formarse nalgúñas das máis prestixiosas escolas de teatro de Europa. Alfonso recibiu varios premios polas súas creacións novidasas e imaxinativas como o Premio aos Novos Creadores da Comunidade de Madrid, o Istrapolitana Festival de Bratislava ou o Peer Gynt Award de Noruega.

19.00h. Encontro dos actores e realizadores co público

20.00h. Festival de Música

Emma Pollock (ex-delgados)

Dorian. España

Lucky Soul. Londres UK

Nadadora. Galicia

Souvenir. España

Dead Pixels. UK

Emma Pollock (ex-delgados)



A que foi membro fundador e carismática voz principal de The Delgados, unha das máis interesantes e influentes bandas xurdidas da explosión nos 90 da escena pop de Glasgow, comeza unha prometedora carreira en solitario tras editar 5 maravillosos discos durante os dez anos de andaina con The Delgados.

Emma Pollock foi tamén cofundadora do seminal selo Chemikal Underground, de onde xurdiron e aínda hoxe xorden bandas tan interesantes como Mogwai, Arab Strap ou Bis.

Agora, tras a disolución da banda Emma comeza unha nova aventura, que asina en solitario, pero acompañada en directo por unha banda formada por Jamie Savage (teclados), Graeme Smillie (baixo) e Jonny Scott (batería). Acolli-da cos brazos abertos por 4AD Records (un dos selos máis respectados e eloxiados da escena underground), Emma Pollock embárcase nunha xira por Europa para presentar o seu novo e aplaudido traballo discográfico, unha xoia do mellor pop melódico titulado "Watch the fireworks", o cal recibiu excelentes críticas en varios países, incluído España. Seguindo o ronsel estilístico de predecesoras de principios dos noventa como Kristin Hersh, Dayna Kurtz, Tanya Donnelly ou as irmás Deal (Pixies, Breeders, The Amps...), Emma achega ao folk e ao pop un sentimento e sensibilidade que che chega a poñer os pelos de punta.

www.emmapollock.com

www.myspace.com/emmapollock

Dorian



Naceron en 2002 coa necesidade común de desenvolver un son que conxuga a tradición do pop español coa música electrónica contemporánea, e non tardaron en atopar quen se fixese eco diso.

No 2003 fanse co primeiro premio do concurso de maquetas do Festival Zorrock, e comparten cartel coas primeiras espadas da música independente do noso país (Os Planetas e Sexy Sadie entre outros). Máis tarde chegarían O'Porto (Portugal), o Festival MIFOC nos Balcáns, e numerosas actuacións por toda España, que proporcionan á banda unha sólida base de cara á saída de "10.000 Metrópolis" (Bip Bip Records - K Industria -2004).

"10.000 Metrópolis", extraordinario e persoalísimo disco de debut, demostra a prematura madurez de Dorian, que conseguen facerse ao mesmo tempo cos eloxios da crítica e co favor dun público que se rende ás estrofas de cancións como "Solar", ou "Te echamos de menos", rotundo hit que a día de hoxe foi incorporado en nada menos que doce discos recopilatorios, e que continúa estremecendo corazóns por todas as partes.

Xa en 2005, Bip Bip Records lanza unha nova edición de "10.000 Metrópolis" - "10.000 Metrópolis Remixes" - que completa un segundo disco de remesturas das cancións máis emblemáticas da banda, levadas a cabo por algúns dos mellores DJ's da escena actual, entre os que cabe destacar a DJ Undo (Razzmatazz / The Loft), Ferenc (Nitsa - Apolo), e DJ Coco (Nitsa - Apolo).

Dous anos despois do seu disco de debut, Dorian seguen somerxidos nunha extensa xira que os levou xa a actuar polos mellores clubs e festivais (Benicàssim, Primavera Sound, Expresa Pamplona, Festival Do Norte, Festival Tendencias, Indirama, Low Club, Razzmatazz, Apolo, Stereo, El Cau, Festival BAM...) mentres seguen enfrascados na gravación do seu segundo traballo, que está sendo producido por Dive Divosso (7 Notas 7 Colores / La Mala Rodríguez / Tote King), e Ferenc (probablemente o noso dúo de música electrónica de baile máis internacional).

http://www.myspace.com/dorian_pop



Lucky Soul. Londres UK

...Exquisitely understated songs about heartache, loneliness and smalltown despair...as if Petula Clark had been touched by Phil Spector's production alchemy...

The Guardian May 2007

...

Cancións entendidas de xeito exquisito sobre a pena, a soidade, e a desaparición da aldea.... Coma se Petula Clark fose tocada pola produción alquimista de Phil Spector... The Gardian maio 2007

...Ice cream sweet, but, like Saint Etienne or The Concretes, they lace it with ground shards of bleak heartbreak and sharp lyrics that'll have your heart bleeding...

NME

April 2007

...Ice cream sweet, pero, como Saint Etienne ou The Concretes, eles átano con artillas terrestres de inhóspita desolación e poemas agudos que conseguirán que sangue o teu corazón...

NME abril 2007

www.myspace.com/luckysoulluckysoul

Nadadora. Galicia



Nadadora nace a finais do 2003. Despois de gravar dúas maquetas "El Cielo de Atenas" e "Octubre", fichan por Javelina Música, onde editan primeiro un EP, "Aventuras dentro de cajas" [Jab. 2004] e mais tarde un LP, "Todo el frio del mundo" [Jab. 2005]. En maio de 2007 publican "Hablaemos del miedo" [Jab. 2007], o seu segundo longo, e en maio de 2008 veu a luz "A química que nos une", un novo Ep con remesturas do grupo.

www.nadadora.com

Souvenir. España



Iniciado como trío no ano 1999, este grupo de Pamplona cultivou múltiples éxitos de crítica e de público na escena independente española e internacional. O seu debut en febreiro do 2000 cun mini-CD de título 'Souvenir' (Xavelina Música) granxeoulles a participación en numerosas recompilacións, nacionais e internacionais con mención especial para 'Caroline Now!', disco homenaxe a Brian Wilson no que Souvenir relacionouse con artistas internacionais como Belle And Sebastian, Teenage Fanclub, Saint Etienne, The High Chamas ou The Pastels.

Souvenir dedicaron o ano 2004 a xestar o seu novo disco, labor que non impediu que Jaime colaborase coa francesa François Breut no seu disco 'Une Saison Volée', escribindolle a canción 'Cidade do Mar'. Chegado 2005, Souvenir publicaron o que foi considerado pola crítica e polo público o seu mellor disco ata entón: "Deas équilibres"

Xa en 2007, Souvenir publicarán o seu proxecto máis ambicioso ata o momento: "64", un disco de música de baile co que iniciaron unha nova etapa.

www.souvenirpop.com

Dead Pixels. UK



Dead Pixels son propagadores dunha emoción alternativa e dinamizadores de vangardas, danlle ao pop unha nova sensibilidade, mais escura, mais sexy, de forma admirable, eludindo o encadrado son habitual.

O single Words are Poison reaviva a era do post punk dos 80 combinando a fastosa voz da cantante Lone con son de tambores e coros progresivos.

Isto é algo grandioso, como unha xoia do lo-fi pop dunha banda que fai música sen fronteiras. Como se di b-side, producida por Sneaker Pimps fundador de Liam Howe, sons como Depeche Mode nunha loita acelerada con Siouxsie e The Banshees. Isto é electro-pop industrial que golpea como a porta dunha vella fábrica...

A angustia feminina domina as letras e mostra as pegadas que deixan as bágoas nunha relación con demasiadas escusas. "En realidade é moi simple" di Lone "ti sabes que nunca vai cambiar e ti queres que esa persoa se marche"... É un sentimento, moitos de nós sentímonos identificados, pero non moitos de nós podemos resumilo nun argumento de 4 minutos con son de golpes de guitarra e mish-mash electrónico.

<http://www.myspace.com/deadpixelsmusic>

INFORMACIÓN DE INTERESE:

CONTACTOS

INFO: + (34) 671-486-016

info@expocoruna.com

Comunicación e Relacións

cos Medios: 981 216 879

VENDA DE ENTRADAS:

Prezo: 5 euros

www.caixagalicia.es

T: 902 43 44 43 (24 horas)

Discos Portobello, Rúa Ciega, 1

A Coruña T: 981 213 562

COMO CHEGAR:

EXPOCoruña. Avda.

da Universidade s/n. A Coruña

En Coche:

Dende Madrid: A6

Dende Vigo ou Santiago: AP9

En avión:

Aeroporto de Alvedro (A Coruña)

Compañías: Aerolíneas Baleares, Air Nostrum,

Clickair, Iberia, Spanair, Tap Portugal

Aeroporto Lavacolla (Santiago).

Aer Lingus Aerolíneas Argentinas, Air Berlín, Air

Europa, Air Nostrum, Clickair, Iberia, Plaza Servicios

Aéreos, Ryanair, Spanair, Vueling Airlines

En tren:

Estación de San Cristóbal (A Coruña).

Teléfono RENFE: 902 24 02 02

Autobuses urbanos:

Liñas 1A, 5, 12A, 20, 21, 22, 32, 23A,

24, E Universidade

PREFERENCIAS DE EXPOCORUÑA:

Hotel AC A Coruña

C/ Enrique Mariñas, 34

15009 A Coruña

Tel. + 34 981 175 490

Fax. +34 981 175 491

Hotel Eurostars

Juan Sebastián Elcano 13

15002 A Coruña

Tel: +34 981212100

Fax: +34 981224610

Hotel Riazor

Av. Pedro Barrié de la Maza, 29

15004 A Coruña

Tel.: +34 981 145 710

Fax: +34 981 253 404

Hotelofi

Mendaña de Neira, 28. 15008. A Coruña

Telf.: +34 609.838.394

Hotel Pazo do Río

C/Pazo do Río, 16

Montrove – Oleiros. 15179. A Coruña

Tel: +34 981 63 75 12

Fax: + 34 981 63 92 48

TELÉFONOS E ENDEREZOS

Información turística: www.turismocoruna.com

Oficinas de turismo:

Praza de Ourense: 981 184 340

Praza de María Pita: 618 790 665

Teletaxi: 981 287 777

Radiotaxi: 981 243 333

Autobuses Urbanos- Tranvías da Coruña: 981 250 100

Policía Local: 981 184 246 / 010

Urxencias: 112

A Cidade

Enlace a www.turismocoruna.com

mulleresarte+parte



Concello da Coruña
Concellaría de Igualdade
e Participación Cidadá

dade



EXPOcoruña